

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OUTUBRO DE 2014**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	3
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
4	TEMPERATURA	7
4.1.	Temperatura media das máximas.	10
4.2.	Temperatura media das mínimas.	11
1.1.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Outubro.	12
1.2.	Evolución da temperatura media no período 1961-2014.	16
2	PRECIPITACIÓN	17
2.1.	Precipitación acumulada mensual Outubro 2014	17
2.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	18
2.3.	Días de chuvia en outubro de 2014	19
2.4.	Evolución da precipitación en outubro de 2014	21
3	VENTO	22
4	RADIACIÓN SOLAR	26
4.1.	Mapa de irradiación solar mensual	26
4.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	27
5	RAIOS	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 19-11-2014

O mes máis cálido da serie histórica. Precipitacións normais.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro estivo caracterizado na súa primeira metade pola chegada de borrascas, particularmente activas na segunda semana, pero sobre todo pola presenza anticiclónica na segunda quincena que deixou un episodio prolongado de sol e altas temperaturas.

En concreto os primeiros 3 días do mes tivemos unha situación anticiclónica que deixou tempo seco e soleado con elevadas temperaturas, acadándose puntualmente máximas superiores aos 30°C no interior.

Na xornada do 4 esta secuencia anticiclónica quedou interrompida polo achegamento dun sistema frontal pouco activo, pero suficiente para ocasionar un aumento de nubes e chuvias febles bastante xeneralizadas. O día 5 o anticiclón entrou de xeito transitorio, deixando outra xornada de tempo seco, pero a fronte que volveu o día 6 foi máis activa que a do 4, deixando polo tanto máis chuvia en toda a Comunidade.

A inestabilidade prolongouse nas xornadas do 7 e o 8, sendo esta última particularmente chuviosa. Entre os días 9 e 11 as baixas presións movéronse cara ao norte, polo que a situación en Galicia non foi tan inestable, pero si tivemos ceos parcialmente anubrados e algunhas chuvias illadas e ocasionais. Nas xornadas do 12 e o 13 unha baixa achegouse moito a Galicia e aínda que non era moi profunda deixou un tempo de nubes e chuvias xeneralizadas debido a súa proximidade ao noso territorio.

O día 14 foi de transición, xa que esa pequena borrasca moveuse cara ao leste e outra, moi profunda, aínda non nos afectaba. Esta borrasca que si deixou tempo moi adverso os días 15 e 16, formárase dun xeito explosivo na xornada do 13. O día 15 deixou refachos fortes de vento e chuvias xeneralizadas, que nalgúns puntos superaron os 40 L/m².

O sistema frontal do día 16 foi aínda máis activo, arrastrando un río atmosférico que agravou a incidencia do fenómeno. Nesta xornada do 16 estivemos con aviso laranxa por chuvia e rexistráronse cantidades superiores aos 100 L/m² nalgunhas localidades (figura 1). Destaca a localidade de Sanxenxo, na que se acadaron os 40 L/m² acumulados nunha hora, o que se traduciu en intensidades moi fortes de precipitación.




Figura 1: Precipitación rexistrada o día 16 de Outubro de 2014..

Nos días 17 e 18 estivemos aínda baixo a influencia desa borrasca, pero xa con menos chuvia. Os ventos aínda sopraron con intensidade entre moderada e forte de compoñente sur, facendo ascender as temperaturas. O 19 foi de transición, debilitándose a borrasca e movéndose cara ao norte, sendo substituída polas altas presións que se atopaban no Mediterráneo occidental.

A partir do 20 esas altas presións uníronse a outro anticiclón que se localizaba sobre Azores, formando unha barreira que conseguiu illarnos dos efectos de novas borrascas que se desprazaban polo Atlántico e incluso dos efectos dos restos do furacán Gonzalo que afectaron con forza ás illas Británicas nas xornadas do 21 e 22.

En Galicia tivemos dende o día 20 ata o 30 once xornadas consecutivas con poucas variacións, caracterizadas en xeral polos ceos pouco anubrados e as elevadas temperaturas máximas, que se moveron en xeral durante este período entre os 25°C e os 30°C. As

mínimas tiveron máis variacións, posto que no litoral mantivéronse elevadas, incluso con algunhas noites tropicais, pero no interior houbo episodios de inversión térmica con néboas nas zonas de val que ocasionaron valores baixos. Houbo que agardar ao derradeiro día do mes para que ese anticiclón perdesse forza e tivésemos o achegamento dunha nova fronte dende o Atlántico que deixou un aumento de nubes, descenso térmico e algunhas chuvias nas derradeiras horas dese día.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalía de presión, tanto en superficie (figura 2) como en altura (figura 3) pódese ver unha profunda anomalía negativa entre Islandia e Azores, producida principalmente polas baixas presións nesa zona, que nos afectaron nas primeiras dúas semanas. Sen embargo na figura 3 vemos tamén a zona de altas presións sobre o continente europeo que fixo de barreira e que impediu que esas borrascas continuasen entrando na segunda metade do mes, achegando aire cálido procedente do norte de África.

Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Outubro 2014




Figura 2: Anomalías de presión en superficie.



Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Outubro 2014




Figura 3: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde coa promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	OUTUBRO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	18.8	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
T ^a mínima media	15.4	12.6	15.3 (1997)	10.2 (1974)
T ^a mínima absoluta	11.6 (día 14)	6.0 (19/10/1992)		
T ^a mínima máis alta	18.5 (día 18)	19.6 (07/10/2012)		
T ^a máxima media	22.1	18.7	21.5 (1997)	15.0 (1974)
T ^a máxima absoluta	28.1 (día 26)	31.5 (02/10/2011)		
T ^a máxima máis baixa	16.8 (día 13)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	53	81-107	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Mes moi cálido para a temperatura máxima. Para a temperatura media tamén resultou moi cálido sendo o rexistro máis alto da serie. Tamén o rexistro da temperatura mínima media é o maior da serie, onde se tivo un mes cálido neste caso.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ó rango de valores normais polo que se considera que o mes é seco atendendo a esta variable. Porén, o número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2014 Temperatura: 1948-2014



SANTIAGO

	OUTUBRO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.3	14.7	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	12.9	10.5	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	8.3 (día 14)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	16.6 (día 18)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	21.7	19.0	22.7 (2011)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	28.2 (día 20)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.5 (día 13)	11.5 (25/10/2003)		
Precipitación acumulada	151	146-180	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	11	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas, no que cómpre destacar a proximidade ó valor máximo histórico de temperatura media da serie neste mes. A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Porén, o número de días de chuvia é moi inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2014. Temperatura: 1982-2014

LUGO

	OUTUBRO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.0	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
Tª mínima media	10.5	8.6	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	5.7 (día 14)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	14.4 (día 18)	19.0 (25/10/1988)		
Tª máxima media	21.5	17.7	23.1 (2011)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	27.3 (día 20)	31.7 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.9 (día 13)	10.8 (22/10/1987)		
Precipitación acumulada	139	97-120	367 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, estando moi próxima a temperatura media mensual ao máximo histórico da serie, rexistrado en 2009. En canto as temperaturas máximas o mes considérase moi cálido.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido nesta localidade. O número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2014. Temperatura: 1966-2014

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	OUTUBRO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.7	15.0	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	13.8	10.1	12.9 (1997)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	10.9 (día 14)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	18.6 (día 18)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	23.6	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	28.6 (día 1)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.2 (día 13)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	192	158-200	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	11	12	24 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes moi cálido en xeral para todas as temperaturas, no que se superou o rexistro máximo histórico tanto na temperatura media como na mínima. A temperatura máxima quedou tamén, moi preto do rexistro máximo da serie.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, mentres que o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1958-2014. Temperatura: 1958-2014

OURENSE

	OUTUBRO 2014	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.2	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	11.9	9.2	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	8.5 (día 14)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	16.0 (día 7)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	24.5	20.9	25.9 (2011)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	29.8 (día 3)	34.3 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.0 (día 13)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	126	70-89	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	9	10	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes moi cálido para as temperaturas medias e máximas, no que se superou o rexistro máximo histórico no caso da temperatura media. O mes resultou cálido para as mínimas.

A precipitación rexistrada é moi superior ó rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase húmido. Porén, o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ó valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1973-2014. Temperatura: 1972-2014



4 TEMPERATURA

As temperaturas foron en xeral elevadas para un mes de outubro. Esta anomalía positiva está asociada claramente ao episodio anticiclónico nas derradeiras dúas semanas do mes, pero tamén ao feito de que nas primeiras semanas, aínda que tivemos algunhas borrascas e chuvias, os ventos sopraron en xeral de compoñente sur polo que as temperaturas neses días non descenderon por debaixo dos valores normais ou incluso os superaron, contribuíndo á anomalía positiva. Acadáronse os valores máis altos da serie en numerosos lugares, sobre todo nas temperaturas mínimas e medias.

4.1. Temperatura media das máximas.




Figura 4: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2014.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de outubro foi de 21.1 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña ourensá con valores próximos aos 11.5°C e os valores máis altos (próximos aos 28.7 °C) principalmente na comarca de O Ribeiro, tal como sucedera no pasado mes de setembro.

4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de outubro foi de 11.4 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no Macizo de Manzaneda e na comarca da Limia (preto dos 6.1 °C) e os máis altos (próximos aos 17.3 °C) nas comarcas de Vigo, o Morrazo e a Coruña.




Figura 5: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2014.



4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Outubro.

A anomalía no conxunto de Galicia neste mes de outubro, para as temperaturas medias, foi de 3.6 °C, polo que o mes considérase moi cálido. Os valores máis altos acadáronse na Ría de Betanzos, con anomalías positivas que superaron os 5°C de temperatura. As anomalías máis baixas presentaron valores próximos aos 2°C, polo que en toda a Comunidade acadáronse valores superiores aos normais.




Figura 6: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de outubro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. A comarca de Betanzos presentou as anomalías máis elevadas.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Betanzos	A Coruña	5.3
Marín	Pontevedra	5.2
Abegondo	A Coruña	5.2
Vilaboa	Pontevedra	5.1
Tui	Pontevedra	5.0
Oza dos Ríos	A Coruña	4.9
Paderne	A Coruña	4.9
Coirós	A Coruña	4.9
Cesuras	A Coruña	4.9
Poio	Pontevedra	4.9

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2014.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Boiro	A Coruña	2.5
Porto do Son	A Coruña	2.6
Rianxo	A Coruña	2.7
Pobra do Caramiñal	A Coruña	2.7
Catoira	Pontevedra	2.8
Pontecesures	Pontevedra	2.8
Valga	Pontevedra	2.8
Dodro	A Coruña	2.8
Dozón	Pontevedra	2.8
Padrón	A Coruña	2.8

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2014.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000, nun outubro no que as anomalías superaron os 2°C en toda Galicia.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2014 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas xornadas do 2 e o 20 foron moitas as localidades con rexistros superiores ós 30 °C.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2014				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/10/2014	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	31.3
20/10/2014	Simes	Meaño	Pontevedra	31.2
02/10/2014	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	31.2
02/10/2014	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	30.8
20/10/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	30.6
02/10/2014	Remuíño	Arnoia	Ourense	30.5
20/10/2014	Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	30.4
03/10/2014	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	30.4
20/10/2014	Barrantes	Ribadumia	Pontevedra	30.4
26/10/2014	Coruña-San Diego	A Coruña	A Coruña	30.3

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2014 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2014				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/10/2014	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	26.2
20/10/2014	Xurés	Muiños	Ourense	25.1
20/10/2014	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	25.1
21/10/2014	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	24.9
20/10/2014	Corzos	A Veiga	Ourense	23.8
20/10/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	22.9
20/10/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	22.9
21/10/2014	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.2
20/10/2014	Ancares	Cervantes	Lugo	22.0
20/10/2014	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	21.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2014 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2014 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As temperaturas máis baixas neste mes de outubro acadáronse principalmente na xornada do 14.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2014				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/10/2014	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	1.2
14/10/2014	Xares	A Veiga	Ourense	1.2
14/10/2014	Corzos	A Veiga	Ourense	1.7
14/10/2014	O Invernadeiro	Vilaríño de Conso	Ourense	1.7
14/10/2014	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	2.1
14/10/2014	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	2.6
14/10/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	3.6
14/10/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.7
14/10/2014	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.2
13/10/2014	Ancares	Cervantes	Lugo	4.9

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2014 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2014				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/10/2014	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	0.4
14/10/2014	Baltar	Baltar	Ourense	1.3
14/10/2014	Lanzós	Vilalba	Lugo	2.1
14/10/2014	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	2.2
14/10/2014	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	3.0
14/10/2014	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	3.7
14/10/2014	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	4.0
27/10/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	4.1
14/10/2014	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	4.3
14/10/2014	Ordes	Ordes	A Coruña	4.4

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2014 altitude inferior a 1000m.

4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2014.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2014, para esta serie, foi 17.8 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2014 para outubro.

A anomalía media para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 3.6°C, o que fai que o mes poida considerarse moi cálido. Ademais **acádase a anomalía máis alta da serie** que contrasta en magnitude ca anomalía negativa de 1974.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ó período 1971-2000.

5 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron dentro da normalidade ou moi preto da mesma en xeral en toda Galicia, aínda que con menos días de chuvia. O principal episodio de chuvia asociado á potente borrasca que nos afectou nas xornadas do 15 e sobre todo 16 deu conta xa de máis da metade da chuvia habitual nun mes de outubro, que foi complementada cos outros sistemas frontais do días anteriores. Os valores máis altos de precipitación, acadáronse no interior da comarca de Pontevedra, Cuntis e Manzaneda, con valores próximos aos 300 L/m². Os valores máis baixos correspóndense á comarca de Coruña, e á Mariña Central, onde se acadaron aproximadamente 38 L/m².

5.1. Precipitación acumulada mensual Outubro 2014




Figura 9: Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2014.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Dentro das anomalías de chuva destaca o litoral norte da Comunidade, principalmente a comarca de Coruña, onde choveu tan só un 34% da precipitación normal con respecto ó período 1971-2000, polo que o mes considérase seco nesta zona. Os valores máis altos de precipitación acadáronse na Baixa Limia e en Monforte de Lemos, onde o mes resultou húmido cunha porcentaxe de aproximadamente 90% por riba do normal. Tendo en conta isto, e considerando a porcentaxe total para toda Galicia ten un valor dun 7% por debaixo do valor climático normal, o que indica que o mes considérase en conxunto normal.




Figura 10: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de outubro de 2014.



5.3. Días de chuvia en outubro de 2014

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 10.8. Os valores máximos obtivéronse na comarca do Barcala, con valores próximos os 15 días. Os valores máis baixos correspondéronse as comarcas de Valdeorras e Viana, nas que se acadaron nalgúns casos os 6 días.




Figura 11: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de outubro de 2014.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de outubro. Dende a tarde do 15 á do 16 rexistráronse en Galicia valores de precipitación que superaron os 100 L/m² en 24 h.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2014			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	294
Lesende	Lousame	A Coruña	288
Cespón	Boiro	A Coruña	282
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	248
Muralla	Lousame	A Coruña	222
As Eiras	O Rosal	Pontevedra	220
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	216
A Lanzada	O Grove	Pontevedra	212
Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	209
Areas	Tui	Pontevedra	208

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2014.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	127	15/10/2014 15:50
Soutomaíor	Soutomaíor	Pontevedra	119	15/10/2014 15:20
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	111	15/10/2014 14:10
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	110	15/10/2014 15:30
Vigo	Vigo	Pontevedra	104	15/10/2014 15:10
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	101	15/10/2014 15:10
Pereira	Forcarei	Pontevedra	95	15/10/2014 15:10
Entrimo	Entrimo	Ourense	91	16/10/2014 2:20
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	90	15/10/2014 15:20
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	90	16/10/2014 2:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2014.



5.4. Evolución da precipitación en outubro de 2014

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2014, para esta serie, foi 140 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2014 para outubro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 2% por encima do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse normal en canto á precipitación.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ó período 1971-2000.



6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de outubro. As tres primeiras xornadas da segunda quincena do mes, foron especialmente ventosas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
16/10/2014	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	140.1
17/10/2014	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	134.9
17/10/2014	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	134.1
17/10/2014	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	122.3
17/10/2014	Muralla	Lousame	A Coruña	118.2
15/10/2014	Burela	Burela	Lugo	117.1
17/10/2014	Lira	Carnota	A Coruña	116.9
16/10/2014	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	113.4
16/10/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	111.7
17/10/2014	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	108.8
16/10/2014	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	107.2
17/10/2014	Camariñas	Camariñas	A Coruña	106.9
17/10/2014	Lobeiras	Corcubión	A Coruña	106.1
17/10/2014	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	104.1
16/10/2014	Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	103.4
16/10/2014	Xares	A Veiga	Ourense	103.0
16/10/2014	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	102.5





Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en outubro de 2014.







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	116.9	S	18		
		Día 17				
Pta. Candieira	Cedeira	134.1	SO	9		
		Día 17				
Malpica	Malpica	87.3	SO	5		
		Día 17				
Marco da Curra	Monfero	89.2	S	12		
		Día 17				
Río do Sol	Coristanco	104.1	S	8		
		Día 17				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Outubro de 2014 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	117.1	SE	13		
		Día 15				
Ancares	Cervantes	97.5	S	8		
		Día 17				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Outubro de 2014 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	91.5	SO	10		
		Día 16				
Rodicio	Maceda	69.6	S	11		
		Día 8				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	65.4	S	36		
		Día 16				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Outubro de 2014 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	102.5	S	16		
		Día 16				
Ons	Bueu	100.2	S	6		
		Día 17				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Outubro de 2014 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 14: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Outubro de 2014.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 15: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou só 79 raios en Galicia. A provincia de Ourense foi a que máis raios rexistrou, e a que menos foi a de Pontevedra con tan só 3 raios. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes.




Figura 16: Número de raios rexistrados en Galicia en Outubro de 2014.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 17: Número de raios rexistrados por provincias en Outubro de 2014.